


FIADDEIRO



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

COLEXIO P. BELUSO



ÍNDICE

EDITORIAL

ÁNXEL FOLE

NOTICIAS E SUXERENCIAS DOS MÁIS CATIVOS

FLORES

POESÍAS

A PRIMAVERA

AS LETRAS GALEGAS NECESITAN LECTORES

O TRAXE REXIONAL FEMININO DE BAILE GALEGO

A MÚSICA

CONTOS E POESÍAS:

- A SALVA-LO TIGRE

- UN DÍA DIVERTIDO NO MAR

- O LEOPARDO CRISPÍN

O MAR

NOTICIAS DO COLEXIO

E.S.O.

DEPORTES

PASATEMPOS

RUMORES



EDITORIAL

Este ano foi moi significativo para nós. Non soamente porque somos os maiores e teremos que deixa-lo colexio a finais de curso, cousa que nos apena, senón porque a nosa xeración marca un punto e aparte na historia. En vindeiros anos xa non serán alumnos de Oitavo da E.X.B. os que se despidan de vós, como o estou facendo eu agora, non. Alumnos sí, pero doutro ciclo.

O noso é todo un ciclo que remata cun grupo de compañeiros dispostos a axudarnos uns a outros.

Nas nosas inquedas mentes ficarán sempre, aínda que agochadiños, os recordos. Lembranzas dos nosos xogos, dos nosos risos... Levaremos cada un de nós ese sentimento máis fermoso da nosa nenez, desta nosa etapa.


Para lembranzas estará a nosa excursión de fin de curso, punto de mira das nosas cabeciñas. Excursión que non sería posible sen a colaboración de toda esa xente que ó longo do ano nos está axudando. O noso agradecemento a todos eles.

Quixera ter unhas agarimosas verbas para os mestres que desde que chegamos ó cole contamos co apoio de todos eles e máis nalgún que outro momento delicado. Soamente me queda agradecerlles todo o que fixeron por nós en tantos anos de traballo que nos adicaron.

¡ Gracias !.

Con tristura sobre estas liñas deixamos o último de nós. O noso derradeiro paso para chegar á fin deste camiño.

Elia Santos Novas. 8º C.



ÁNXEL FOLE



VIDA

Ánxel Fole Sánchez é a figura á que lle rinde homenaxe este ano o mundo das Letras Galegas. Naceu en Lugo o día 11 de agosto de 1903. Seu pai Reinaldo, foi maxistrado da Audiencia de Lugo e presidente da de Huesca, abandonou á familia, instalouse en Alacante e morreu en 1921, sendo Ánxel moi novo. Estes sucesos repercutiron de forma negativa sobre a vida do futuro escritor, que quedou vivindo coa súa nai.

Cursa os estudos primarios na súa cidade. Despois inicia a carreira de Dereito nas Universidades de Valladolid, Madrid e Santiago. En 1932 funda a revista literaria “Yunque” en Lugo, xunto con Luis Pimentel.

Desenrolou unha actividade política importante antes da República. Chegou a ser vocal da Organización Republicana Galega Autónoma de onde pasou ó Partido Republicano Radical Socialista, do que foi vicepresidente da agrupación de Lugo e candidato a deputado. En 1935 incorpórase ó Partido Galeguista a instancias de Ramón Piñeiro, e nomeárono secretario provincial de Lugo, cargo no que lle sorprendeu a Guerra Civil.

A vida de Fole peligró tremendamente en 1936; viviu moitos anos aterrado ó ver como eran asasinados moitos dos seus amigos e coñecidos, e quedáronlle secuelas e problemas psíquicos para toda a vida.

Na posguerra dedicouse ó xornalismo ata o día do seu pasamento. Foi nomeado fillo predilecto do Concello de Lugo en 1985. Morre en Lugo en maio de 1986.

OBRA

En xaneiro de 1928 publicou no periódico “La Provincia”, de Lugo, o seu primeiro artigo dedicado a Góngora no trescentos aniversario da súa morte. Un ano máis tarde asiste a un recital de Rafael Alberti, no Ateneo de Valladolid, sobre o que publica outro artigo no mesmo diario.

Coñeceu e escribiu varios artigos sobre a estancia de Federico García Lorca en Lugo. Tamén se carteou con Jorge Guillén, un dos poetas que máis admirou.

Colaborou en 1948 no xornal de Santiago “La Noche” e en 1962 no “Faro de Vigo”. No ano 1957 incorpórase a “El Progreso”. Dende 1962 ata 1984 escribiu en “La Hoja del Lunes”, de Lugo, co pseudónimo de **Neumandro**.

En 1962 ingresa na Real Academia Galega, pronunciando o discurso: “Castelao e a tradición galeguista”.

Os títulos máis significativos de Fole foron:

- “Á lus do candil”, (1953).
- “Terra Brava”, (1955).

“Á lus do candil”, mereceu o premio *Castelao*, do Centro Galego de Bos Aires, no mesmo ano da súa publicación. Este libro está composto por quince contos. Un dos contos deste libro foi levado ó cine. Catro fidalgos, cos seus criados, están reunidos a carón do lume nunha vella torre incomunicada pola neve. Entre eles relátanse as diferentes historias que compoñen o libro, transcritas por un dos presentes.

O libro está dividido en varias partes: *Solaina*, *Arreguizo*, *As trasnadas do Toño*, *Tres historias do pazo da Lucencia*, etc..., que á súa vez conteñen os contos: “A treboada”, “O cabaleiro namorado”, “O arroubo do viril”...

“Terra Brava” segue un procedemento semellante: o narrador informa do encontro dun vello cartapacio escrito polo seu padriño que contén unha colección de contos.

Publicou tamén unha peza dramática co título: “Pacto do demo” (1973).

En 1973 publicou: “Contos de néboa” e en 1981: “Historias que ninguén cre”. Nestes dous libros incide nos temas e esquemas narrativos dos anteriores.

Entre 1930 e 1942 escribiu o libro de poesía “Santo Oficio”, libro que aínda está inédito.

Nos relatos de Fole apareceu tamén a curiosidade, os medos, os lobos, a Santa Compañía, a esperanza e a inocencia do mundo rural galego. A obra de Fole ten importantes valores etnográficos e antropolóxicos. A súa literatura de misterios non é nunca fantástica, senón realista. Está protagonizada polo rural galego, que se expresa de forma sinxela e rexistra certas influencias dos escritores nos que a Fole lle interesaron sempre moito.



NOTICIAS E SUXERENCIAS DOS MÁIS CATIVOS

OS RAPACES DE ENFANTIL
CELEBRARON EN COARAS
UNA FIESTA DE AMARELA
O MÉRCORES 30 DE ABRIL

INVITACIÓN



ESTADES INVITADOS

AVOXA FESTA

OMÉRCORES

LUGAR: EUROPEAS POLTAARDE

OS NENOS DO COLEXIO DE CABALO
FORON DE EXCURSION Á PRAIA
DE TUIA
PASÁRONNO
MOITAS
MOITAS
CUNCHAS.
E RECOLLERON



SUGERENCIAS DOS MAÍIS PERVELOS



- GUSTARIAMOS TER UM PATIO MAÍIS GRANDE QUE TIVERA, COLUMPÍOS TOBBAN, ARENERO, ECT.
- QUEREMOS UM HA PISCINA NO CORTIO PARA APRENDER A NADAR.
- NECESITAMOS MAÍIS JOGUETES NA CLASSE,
- GUSTARIAMOS TER PEHES, HAMSTERS, PAZAROS PARA PODER COIAR NA CLASSE.
- POR FAVOR QUEREMOS QUE CORTENA HERBADO PATIO DE CABALO E CURRASS PORQUE NON PODEMOS TOGAR O FUTBOL

OS MENOS DE EDUCACIÓN
INFANTIL VAN DE EXCURSIÓN

O 29 DE MAIO IMOS
A VIGO DE EXCURSIÓN.

POLA MAÑÁN VAMOS A VER AVIONE-
TAS E AVIÓNS NO AEROPORTO,
TAMÉN IMOS A MIRAR OS BOMBEIROS
DESPOIS COMEMOS EN SAMIL A COMI-
DA QUE NOS FIXO MAMÁ.
E POLA TARDE IMOS O ZOO.

¡ESPERÁMOLO PASAR MOI
BEN!




FLORES

ROSA




Flor de cor vermelha. É a flor da rosa.

IPOMEIA



Flor de cor azul. É a flor da batata.

TULIPÁN



Flor de cor amarela. É a flor do tulipán.

CARAVEL




Flor de cor rosa. É a flor do caravel.

XERANTO



Flor de cor vermelha. É a flor do xeranto.

PENSAMENTO



Flor de cor violeta. É a flor do pensamento.

¡E AGORA COLOREAS!

POESIAS

Unha bolboreta do campo
quería viaxar
e chamou a Irene, bruxa,
por se a podía levar.
Mentras fala con Poli,
vén Irene a buscala
para face-la excursión
e na súa basoira montala.
Subidas no artiluxio
a Zaragoza chegan
e atópanse con Fran e Sole
que fai tempo alí marcharon.
Foron tamén a Valladolid
onde estaban don Pío e dona Rosa
e trouxéronos para aquí
alegrándose da viaxe tan fermosa.

Beatriz Rodríguez Juncal. 2º B.



Bolboreta, bolboretiña,
ti que de moi lonxe vés,
es fermosa como unha rosiña,
aínda que ti non o ves.


Andrea Santos Cruz. 2º B.

Rosa, rosiña,
ti es a rosa da miña casaña,
ti es a raíña do castelo
e recibirás o que queiras
e, se queres, o mundo doucho enteiro.

Ángela Otero Martínez. 2º B.

Bolboreta bonita
vén á miña casaña
que che dou a túa filliña,
pois cando a encontrei
estaba nunha rosiña.

Lúa Vilas Comesaña. 2º B.



O NOSO MAR

Non hai terras como as nosas
nin praias como as nosas praias
casi toda a nosa costa
está chea de rocallas.

A min gústacheme moito
ir á praia no verán,
xogar coas miñas amigas
e máis tarde ir nadar.

Cando o mar está tranquilo
a xente marcha pescar
da gusto velos nas barcas
cos peixiños a saltar.

Ten o noso mar no inverno
unha bravura sen igual,
os barcos que por el pasan
teñen medo de quebrar.

O mar é de todo o mundo,
ten riquezas sen igual
e se algúns fosen máis cautos
¡cantas habería máis!.

Raquel Novas. 5º



Do mar ó mariñeiro:
“ colle o teu veleiro
vaite pola ría
e toca unha melodía”.

Tira a rede,
vaite ó mar,
cando toque fondo
empeza a tirar.

A xente que está no mar
de tristura pode chorar
ó non poder ver
a ningún familiar.

OS SERES VIVOS DO MAR

Tódolos seres vivos
que polo mar vivían
moi felices xogaban
e moi felices rían.

Coas súas máquinas
os humanos chegaron,
non estaban felices,
todo o destrozaron.

Construíron fábricas,
todo o lixo foi ó mar,
morreron moitos peixes,
tamén prantas, sen parar.

E máis tarde fóronse
deixando así o mar,
pero todos os demais
puideron estar en paz.

Pasado moito tempo
tódolos seres vivos
estaban moi contentos,
¡todos estaban vivos!

O MAR


Laura Sotelo. 5º




Avelino Soto. 6º

— A Primavera —

A PRIMAVERA



A PASCUA DOS PADRIÑOS



SOMOS DE PRIMEIRO A
 E, ÓS NOSOS PADRIÑOS
 ESTAMOS AGRADECIDOS
 POIS, COS SEUS REGALIÑOS
 FANMOS ALEGRAR
 DE NDE QUE NOS LEVAVON BAUTIZAR.

A PRIMAVERA



AS LETRAS GALEGAS NECESITAN LECTORES

Cando falamos na escola da celebración do día das **Letras Galegas** deste ano, lembrei a esas persoas que coa súa obra fixeron posible a pervivencia do galego. E pensei: sen Rosalía, Curros, Pondal, Castelao, Cunqueiro e tantos outros, ¿a nosa lingua sería tan rica, tan expresiva, tan universal?, e sen os centos e miles de persoas que disfrutaron e soñaron cos seus libros, ¿este idioma existiría?

Coido que para non perde-la nosa fala son necesarios os creadores e os lectores; por iso me alegrei cando, este pasado mes de abril, despois dun longo período de tempo en que permaneceu pechada por obras de acondicionamento, volveu a abri-las súas portas a **Casa do Pobo de Beluso** que acolle a única biblioteca pública da parroquia.

Esta casa inaugurárase tamén en abril de 1934, e fora construída coa contribución e o traballo de tódolos veciños e as aportacións económicas da “**Sociedade de Emigrantes en Nova Iorque**”, e os seus fins eran servir de lugar de xuntanzas ós labregos e ó mesmo tempo achega-la cultura e a educación ó pobo. Dábanse clases nocturnas, había conferencias, teatro. etc.

Hoxe este edificio volve face-las funcións polas que foi construído, e a xente de Beluso pode entrar nel e tomar contacto cos libros, entre os que están as grandes obras dos literatos galegos.

E eu, neste 17 de maio de 1997, dou gracias ós nosos escritores, entre eles a **Ánxel Fole**, polos seus contos, pero tamén llas dou a todos aqueles homes e mulleres que no 1934 co seu esforzo e traballo fixeron posible a presente situación da **Biblioteca** coa cal podemos mante-la nosa lingua nun bo estado.

Manuel Germade Menduiña. 8º B.



O TRAXE REXIONAL FEMININO DE BAILE DE GALICIA

En Galicia temos un baile típico que é a **muiñeira**, e outros máis, como a **xota**, a **pandeirada**...

Nosoutras vamos describir os dous traxes rexionais, tanto o antigo como o moderno.

TRAXE ANTIGO:

O traxe antigo leva un pano da cabeza. As cores máis típicas son o vermello e o verde. Despois está a blusa, de cor branca e, fruncindo os puños e o pescozo, leva un lazo de cor vermella. Leva unhas medias brancas con debuxos que van do pé ós xeonllos.

Están tamén os pololos, que son de cor branca, e levan uns lazos vermellos na parte inferior.

Por riba das medias e os pololos está a enagua, que é, como a blusa, os pololos e as medias, de cor branca, e leva un lazo vermello na basta. Chega moito máis abaixo dos xeonllos e dalle voo á saia.

Por riba da enagua vai a saia, que chega case ata os nocellos. É de cor vermella e leva dúas franxas negras, que son da mesma tela có mandil e o dengue. As franxas van case ó final da saia, cun pouco de separación. E a do final é máis grossa ca anterior.

O dengue e o mandil levan abelorios que os rodean (algunhas colgan e outras non).

Por último están os zapatos rexionais, de cor negra, que levan un pouco de tacón e un lazo grosso de cor negra para amarralos. Aínda que hai moita xente que segue a tradición, fai moitos anos bailábase con zocas.

O traxe, por detrás leva un lazo bastante grande, que normalmente é de cor branca que representa as cores da bandeira de Galicia.

E con isto quedan ditos tódolos rasgos do traxe antigo feminino rexional galego.



TRAXE MODERNO:

O traxe moderno leva un lazo de cor negra de beludo ou raso que recolle o pelo nunha trenza. Tamén pode levar un pano da cabeza. Éste, ó contrario do traxe antigo, pode ser de calquera cor e non especialmente vermella ou verde.

A blusa é practicamente igual á do antigo. É tamén branca, pero non leva lazos no pescozo nin nos puños.

As medias son enteiras e con debuxos. Os pololos son iguais ós antigos: brancos e con lazos na parte inferior. Pero agora os lazos non son só de cor vermella, senón que poden ser de varias cores, dependendo da cor da saia. Poden ser: amarelos, laranxos, vermellos, verdes, azuis, marróns ou violetas.

Por riba dos pololos está a enagua, que é bastante semellante á antiga. É de cor branca, chega moito máis abaixo dos xeonllos, dalle voo á saia, pero a cor do lazo da basta varía segundo a cor da saia (igual cós pololos).

Por riba da enagua está a saia que chega, como a antiga, ata os nocellos. Pode ser de varias cores, entre as cales os citados anteriormente. Teñen as dúas franxas negras de beludo, como o antigo, unha é máis grossa cá outra e atópase case ó final da saia, gardando unha pouca de separación.

O traxe moderno xa non leva dengue, senón corpiño (unha especie de chaleco axustado ó corpo). É negro con un cordón polo medio da blusa, para axustalo ou afrouxalo.

O mandil pode ser curto, como o antigo, ou longo, tapando case toda a saia. É tamén negro e de abelorios formando debuxos.


Os zapatos rexionais son case iguais cós antigos. Son negros con cordóns grosos, pero diferéncianse na forma.

O traxe moderno xa non leva lazo detrás da saia.

Lucía Torres García. 8º C.

Sandra Somoza Soage. 8º C.

TRAXE MODERNO



A MÚSICA



Se unha árbore está frondosa, se ten un bo tronco..., se despón dunha manchea de pólas e de follas..., se ten, en fin, unha vida completa é porque as súas raíces medran fortes, potentes, por debaixo da terra, buscando os manantiais dos que chupan esa vida que a árbore aproveita. Porque esa fortaleza subterránea dalle á árbore a seguridade fronte ós ventos que tratan de arrincalo do seu lugar.

As nosas raíces, as dos homes e mulleres que pululamos afanosos polas corredoiras da aldea... As dos rapaces e rapazas que aprenden, día a día, moitas veces xogando, a camiñar polas rúas cheas de buratos da vida... As nosas raíces, digo, témolas aquí, na flor da terra, aínda ensinándonos, mostrándonos os seus recordos.

Están ahí, na nosa casa, renqueando un pouco porque as súas pernas xa van cansas, movéndose moito máis pausadas ca na súa lonxana xuventude.

Están ahí, cheos desa sabiduría coa que foron enchendo en tantos anos de escoitar, de falar, de sufrir..., de cantar.

Algúns rapaces, con un bloc de notas nunha man e unha gravadora na outra, andiveron preguntándolle ós seus avós polas cantigas que eles ou elas cantaban na súa mocidade.

Algúns trouxéronme o resultado dese traballo de investigación que eu gardo coma unha xoia.

Aproveito esta oportunidade para animarvos a que vos convertades en detectives do pasado e rescatades do deserto do silencio todas aquelas cancións, todos eses versos que teñen gardados os nosos maiores na súa memoria.

A avoa de Andrea, a Sra. Carne, sabe moitas cantigas. Ahí van algunhas:

DE AMOR

Entre las sierras,
montes y llanos,
selvas y prados,
traigo en tu honor
las armonías
indefinibles
hechas de brisa
de aroma y amor (...).


DE BROMA

Te robaron los jamones
y también el "custillar",
los untos para la olla
no los dejaron atrás (...).



DE ELECCIÓN

Que de puerta en puerta fuiste,
sirviendo de vil traidor
y tu conciencia vendiste.
Buscando hogares hambrientos
para poder "rebatar",
entre el hambre y la miseria,
un voto de indignidad.



José Ramón Álvarez.

CONTO:**“A SALVA-LO TIGRE”**

Isto é unha selva onde só hai un tigre. Tódolos animais eran amigos del, pero cerca de alí había uns homes que disecaban todo tipo de animais e faltáballes o tigre.

Pola noite os homes colleron un helicóptero, engancháronlle unha gaiola, encendérono e a máquina voou cara a selva.

Máis tarde o helicóptero baixou onde estaba o tigre durmindo e collérono.

Ó día seguinte a súa amiga a tartaruga foi xogar con el e non o atopou.

Rapidamente a tartaruga foi dicirllo ós lagartos, os lagartos ás serpes, as serpes ós loros..., e así ata que chegaron a dicirllo ós elefantes.

A tartaruga viu que os animais estaban bebendo no río. Rapidamente saíu da auga e díxolles se querían ir con ela a salva-lo tigre. Todos dixeron que si.

Logo a tartaruga explicoulles ós animais o que tiñan que facer:

- Os lagartos virán comigo, as serpes collerán unha chave inglesa e desparafusarán tódolos helicópteros, os loros despistarán ós homes, os elefantes romperán os coches e os demais animais non deixarán pasar a nadie.

Ó día seguinte preparáronse tódolos animais e marcharon. Cando chegaron ó sitio, catro loros foron a despistar ó home que estaba de vi-

xiancia e os demais aproveitaron o momento para entrar.


A tartaruga díxolle ós lagartos que entraran na pechadura e que a abriran. Deulle a orde ás serpes de que foran rapidamente desparafusar os helicópteros.

A tartaruga entrou nun cuarto e descubriu que estaba no cuarto das gaiolas. Estiveron buscando e non o atopaban. Ó final atopárono nunha gaiola no fondo da habitación.

A tartaruga díxolle a un lagarto que abriera o candado. O lagarto abriuno e saíu o tigre.

Rápidamente chamaron ás serpes, ós elefantes e ós loros e fóronse todos á selva. Cando chegaron fixeron unha gran festa.

Borja Martínez. 5^o





UN DÍA DIVERTIDO NO MAR

Un día fomos bañarnos ó mar e, mergullándome, atopei unha flauta. A auga estaba fría e limpa. Collina e leveina á orilla. Sequeina coa miña toalla e gardeina na miña mochila de cores.

Carla, María e máis eu fomos ata as rochas e conteilles o da flauta. Despois fomos bañarnos e xogamos a moitas cousas.

Cando nos acordamos da flauta xa non estaba. Era un misterio. Miramos para o mar e había algo borroso sobre a superficie e intentamos collelo para ver que era. Cando o collemos vimos que era a flauta e que dentro había algo que facía un pouco de ruído. Entón, ó buscar que era o que facía ese ruído, atopamos a miña mariquiña que gardaba na mochila pero que se convertira nun cabaliño de mar.

Cando llo contei a meu pai e a miña nai extranáronse moito do acontecido e gardamo-lo cabalo do mar nunha bonita caixa de cristal.

Silvia Miranda. 5º.

A BOLBORETA DA COL

A bolboreta da col é un lepidóptero e, polo tanto, ten metamorfose complicada. Pasa por tres fases características: larva, ninfa e imago. A larva non se parece en nada á forma adulta, pois carece de ás. Os ollos son sinxelos; as patas, moi curtas; a boca, mastigadora e a cáscula branda. Come vorazmente e cando adquiriu o tamaño definitivo experimenta unha muda e aparece en estado de ninfa. Ó dar fin a ninfosis a envoltura quitinosa que a cobre ábrese dando saída ó imago ou insecto en estado adulto.

Estes animais causan moitas desgracias na col. Pódeselle botar Z-Z e un insecticida que vén en bolsas en forma de gran, de disolución inmediata. É moi eficaz sobre insectos, plagas, larvas e adultos, orugas, pulgóns, escaravellos...

José Luis Paxos Domínguez

1º B. E.S.O.




PAIS MARIÑEIROS

Ondiñas do mar que vindes,
ondiñas do mar que vades,
traédeme ó meu paiciño,
ondiñas que mo levastes.

Ondiñas do mar que vindes,
traédemo agora.
Ondiñas do mar que vindes,
ondiñas non ser traidoras.

Ondiñas do mar que vades,
¡ traédemo xa !.
Ondiñas do mar que vades,
por favor, ¡ que chegue xa !.

Delia Rodriguez. 6º.




imago o insecto en estado adulto



Oruga ou larva



NINFA



CONTO:

O LEOPARDO CRISPÍN

Nun lugar cálido, onde o aire é puro e os ríos non están contaminados, vivían moitísimos animais. entre eles un pequeno leopardo abandonado pola súa propia nai e o rinoceronte Bil, o seu mellor amigo. Para o pequeno leopardo, o gran rinoceronte era como unha especie de gardaespaldas. Aquel lugar era precioso. Se che gusta a natureza e vas parar a ese lugar, quedarías paralizado. Tén grandes árbores, plantas de tódalas especies; ata había plantas medicinais e moitísimas flores, rosas, margaritas...

Naquel lugar os únicos seres vivos que había eran vexetais e animais. Por esa razón, o precioso bosque non estaba nada contaminado, nin o aire, nin os ríos, nin nada de nada.

Os animais eran bos compañeiros, bos amigos e tódolos animais eran fieis uns a outros. Alí reinaba a paz. Tódolos animais vivían tranquilos. Era un lugar moi pacífico. Era practicamente imposible chegar a ese bosque. Era tan tranquilo porque alí non había ninguén que os puidese molestar.

Naquel bosque había unha fragancia que ningún perfume feito por un ser humano pode imitalo. Era algo abraiante. aquela fragancia que desprendían as árbores, as plantas e as flores era unha cousa verdadeiramente sorprendente, un cheiro que, se por casualidade foras a parar a ese bosque, entraríanche ganas de sentarte á beira do río e poñerte durante un tempo a cheirar.

Naquel lugar nunca estivera un ser humano. Ese bosque nunca fora habitado polo home. Era un lugar tan bonito, con ese aire


totalmente puro e ese río que, se mirabas para el, era como un espello porque estaba limpiísimo con esa auga cristalina. Non merecía ser habitado por un ser humano.

Un día uns homes chamados Xosé e Daniel chegaron alí. Non eran amantes da natureza, senón amantes de disecar animais. Ían en busca dun bosque onde atopar animais para disecar. Ían armados con escopetas que disparaban dardos tranquilizantes. Xosé viu do outro lado do río ó leopardo "Crispín", que así é como lle chamaban os seus amigos. Acercouse á beira do río para disparar, pero non sabía que detrás del viña a toda velocidade o rinoceronte que o tirou ó río. Cando Xosé ía caer por unha catarata agarrouse a unha rama. Ó momento chegou Daniel e axudouno a saír, aínda que case cae pola catarata.


Despois Xosé foi detrás do leopardo ata que o atopou nunha boa posición para tirarlle coa escopeta. Apuntou, disparou..., pero, cando pensaba que lle ía dar, apareceu o rinoceronte outra vez a toda velocidade e púxose no medio para que non lle dera a "Crispín". Os homes co susto escaparon.

Desde ese día o leopardo empezou a xogar co rinoceronte, que xa se recuperara do disparo.

Jorge Patiño. 5º



O MAR



Ti, inmenso manto de mil cores, contigo levas día a día os sonhos de centos de persoas. De mariñeiros que agardan ter unha boa marea, de mulleres que rezan para que os seus homes regresen á casa, de nenos que desexan que os seus pais lles traian algo.

Ti, ás veces triste, outras contento, en ocasións enfurecido e a miúdo melancólico, case nin te dás conta do moito que significas para algúns de nós, en especial para min.


Moitas veces soño contigo, con poder collerte, con poder camiñar sobre as túas nítidas augas, con poder facer esa infinidade de cousas que ti fas: subes, baixas, vas a onde queres, cando queres e sen que ninguén che diga o que tes que facer.

Debe ser esa gran liberdade que tes o que máis me fascina de ti.

E, ¿ que me dis dos teus amigos ? . Sí, dime que farían as gaitas sen ti. Dime que farían os peixes, algas e demais seres vivos que habitan en ti, ¿ existirían ? . Eres fonte de vida, fonte de esperanza, fonte de riqueza. Pero...tamén tes inimigos, claro que sí. Cada vez que alguén non respeta as vedas, cada vez que alguén se serve de ti como vertedoiro de lixo, cada vez que, por dicilo dalgunha maneira, non respetan as normas.

Ti, que tanta filosofía levas nas túas augas; ti, amor de amores; ti, que quedas con cada solpor reflexado no teu rostro, leva un soño máis, o soño dunha rapaza que cada noite seguirá soñando contigo..., contigo mar, meu doce mar.

Elia Santos Novas. 8º C.





NOTICIAS DO COLEXIO

No noso colexio realizáronse ó longo deste curso unha serie de actividades entre as que imos suliñar as seguintes:

O MAGOSTO

O Magosto celébrase no outono. Este curso coincidiu o día 8 de novembro. No colexio celebrámolo facendo primeiro unhas xogos e despois asamos as castañas e comémolas. Ó remate enchemos as mans de borra-lla e pintámonos uns a outros.

As castañas substituíron ás patacas. Antes as castañas deixábanse secar no canizo, encima da lareira e comíanse con calquera tipo de comida. Pero cando Colón descubriu América dalí trouxo a pataca e outras cousas. Entón, dende aquela, a pataca substituíu á castaña e a castaña só se come no outono. Cómense crúas, cocidas ou sadas.



Santiago Otero. 1º B.
E.S.O.

O NADAL

Este curso celebramos o festival de Nadal durante dous días. O xoves, día 19 de decembro, foi para os de Educ. Infantil, 1º e 2º ciclos de

Primaria e, pola noite, para os nosos pais. O día seguinte foi para o resto do colexio.

Fixemos teatro, cancións... Antes de darnos as notas adornamos as clases.

É unha época para pasar cos nosos familiares máis cercanos. Tamén para enchernos de turrón, sidra...

Un pouco máis para adiante, en Xaneiro, veñen os Reis Magos que é cando os nosos parentes nos regalan cousas. E tamén, como os máis pequenos cren nos Reis, escribenlle cartas e algúns pónenlle auga para que beban os camellos dos Reis.

Cristóbal Novas. 1º B.
E.S.O.



O DÍA DA PAZ

O día da PAZ celebrámolo o 30 de xaneiro e fixemos un gran lazo azul con bolsas de plástico. Algúns rapaces trouxeron pombas que soltamos ó final.

Cando estivo feito o lazo, rapaces de distintas

clases leron uns poemas sobre a PAZ. Tamén soltamos moitos globos.

José Luis Pazos. 1º B.
E.S.O.



O ENTROIDO

O Entroido é unha festa tradicional que se celebra en moitas partes do mundo. Este ano celebrámola o día 7 de febreiro. Pola mañá estivemos na escola cantando as comparsas e logo fomos desfilando polas rúas do pobo. Uns iamnos disfrazados de distintas maneiras e outros ían iguais.

De volta á escola comemos filloas, orellas, chulas...

Alejandro Rodríguez
1º B. E.S.O.

SEMANA CULTURAL

A Semana Cultural comezou o domingo, 16 de marzo, e rematou o venres, 21 de marzo.

Comezou o domingo co XVII Cross. Nel participaron rapaces de distintos colexios. Alumnos do noso colexio

acadaron algúns trofeos, como se pode comprobar na sección de Deportes deste periódico.

O luns, 17, os alumnos de 8º representaron unha obra de teatro: "*Os vellos non deben de namorarse*".

O martes, 18, o Mago Antón representou para distintos cursos, o espectáculo: "*A escola polo camiño da maxia*".

O mércores, 19, para a Educación Primaria, realizouse un programa de *Animación á Lectura*, a cargo de Benxamin Míguez.

O xoves, 20, pola tarde, a agrupación teatral "Pavis-Pavós" escenificou para os máis pequenos un "*Conta-Contos*", onde os nenos afirmaron pasalo moi ben.

E o venres, 21, finalizou a Semana Cultural coa charla-coloquio, a cargo dos deputados do Parlamento español:

- José Rivas Fontán (PP)
- M^{ra} Jesús Arrate (PSOE)
- Guillermo Vázquez(BNG)

E ás 8 da tarde, os alumnos do colexio volveron representar a obra de teatro para os adultos, rematando así a SEMANA CULTURAL.

M^{ra} Elvira Otero.

1º B. E.S.O.



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O día das Letras Galegas celébrase en toda Galicia o día 17 de maio.

O Colexio de Beluso festexa este día realizando diferentes actividades nas aulas e publicando un Periódico Escolar chamado **Fiadeiro**, adicado este ano a **Ánxel Fole**, no que se recollen diversos traballos dos alumnos como: contos, poesías, traballos de investigación, pasatempos, noticias, rumores...etc.

Diego Núñez Pascual.

1º B. E.S.O.

DÍA DA TORTILLA

O día da tortilla celebrámolo o último día de clases. Tódolos anos celebramos este día no patio do colexio. Tódolos alumnos traemos unha tortilla e algo de beber e pasámolo moi ben.

Tamén se fai unha tortilla por aula, sobre todo os das clases dos maiores.

Ese día tamén solemos participar en varios xogos no patio de recreo.

Ó acabar ímonos para a casa contentos porque empezamos as vacacións do verán.

José Piñeiro.

1º B. E.S.O.

E. S. O.

Quere dicir “Educación Secundaria Obrigatoria” e consta de **dous ciclos** que comprenden **dous cursos académicos cada un deles**.

ESTRUCTURA:

AREAS E MATERIAS	PERIODOS LECTIVOS SEMANAIS					
	1º Ciclo			2º Ciclo		
	1º	2º	TOTAL	3º	4º	TOTAL
Lingua Galega e Literatura	4	2	6	3	3	6
Lingua Castelá e Literatura	4	2	6	3	3	6
Lingua Estranxeira	3	3	6	3	3	6
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3	3	6	3	4	7
Matemáticas	3	3	6	3	3	6
Educación Física	2	2	4	2	2	4
Ciencias da Natureza*	3	3	6	3	3	6
Educación Plástica e Visual*	3	-	3	2	3	5
Tecnoloxía*	-	4	4	3	3	6
Música*	-	3	3	2	3	5
Optativa I	2	2	4	2	3	5
Optativa II	-	-	-	-	3	3
Relixión	2	2	4	2	1	3
Titoría	1	1	2	1	1	2
Períodos Lectivos Totais:	30	30		32	32	



No 4º curso os alumnos deberán escoller entre as catro áreas troncais que figuran cun asterisco (*). A elección pola que se opte deberá ter un cómputo de 6 períodos lectivos semanais.

TITULACIÓN:

O título obtido ó supera-la E.S.O. é o de **Graduado en Educación Secundaria**, e faculta para o acceso á Formación Profesional de grao medio ou ó Bacharelato.

Transitoriamente, e ata tanto non estea plenamente implantado o novo sistema, poderán acceder ó 3º curso da E.S.O. os alumnos que posúan o título de Graduado Escolar, ou teñan cursado 8º de EXB e teñan esgotada a súa escolaridade neste nivel por ter cumpridos dezaseis anos de idade no ano natural en que finalizan 8º.

Poderíanse incorporar tamén ós Programas específicos de garantía social.

CALENDARIO DA POSTA EN MARCHA DO NOVO SISTEMA EDUCATIVO

Este calendario, fixado polo Real Decreto 986/1991 e mailos R.D. 535/1993 e R.D. 1487/1994, é o seguinte no que respecta á Ensinanza Secundaria:

- No ano académico **1996-97** implantarase, con carácter xeral, o **primeiro curso da E.S.O.**, e deixarán de impartirse as ensinanzas de 7º de EXB.


- No ano académico **1997-98** implantarase, con carácter xeral, o **segundo curso da E.S.O.**, e deixarán de impartirse as ensinanzas de 8º de EXB.

- No ano académico **1998-99** implantarase, con carácter xeral, o **terceiro curso da E.S.O.**, e deixarán de impartirse as ensinanzas de 1º FP 1 e 1º de B.U.P. No mesmo ano académico implantarase, con carácter xeral, o **primeiro curso de Bacharelato**, deixando de impartirse as ensinanzas de 3º de B.U.P., 1º curso de Formación Profesional de segundo grao de Ensinanzas Especializadas e o curso de acceso de 1º e 2º grao de FP do Réxime Xeral.

- No ano académico **1999-2000** implantarase, con carácter xeral, o **cuarto curso da E.S.O.**, e deixarán de impartirse as ensinanzas de 2º FP 1 e 2º de B.U.P. No mesmo ano académico implantarase, con carácter xeral, o **segundo curso de Bacharelato** e deixarase de impartir o curso de C.O.U. e o segundo curso de FP de segundo grao de Ensinanzas Especializadas e o primeiro curso de FP de segundo grao de Réxime Xeral.

- A **Formación Profesional específica de grao medio** implantarase progresivamente ó longo de todos estes anos, debendo completarse a súa xeneralización no ano académico 1999-2000.

- A **Formación Profesional específica de grao superior** implantarase progresivamente ó longo de todos estes anos. En todo caso no ano académico 2000-01 deixará de impartirse o terceiro curso de FP de segundo grao de Ensinanzas Especializadas e o segundo curso de FP de segundo grao de Réxime Xeral.



DEPORTES

EQUIPOS CAMPIÓNS - LIGAS DOS RECREOS

FUTBITO-NENAS

3º A.

ALBA COUSO FERREIRA
 Mª MAR CHAMADOIRA MOLANES
 NURIA FIEL OTERO
 KRISTINE GARCIA PALAMYSANY
 LETICIA GONZALEZ ABAL
 ANABEL GONZALEZ DOMINGUEZ
 CLARA GONZALEZ FERNANDEZ

6º.

MIRIAM FERRADAS CRUJEIRAS
 REBECA GOLOBARDAS LOPEZ
 LAURA PIEDRAS DAVILA
 CARMELA PIÑEIRO FIEL
 DELIA RODRIGUEZ LOPEZ
 VANESA VIDAL POUSA

8º C.

BEATRIZ OTERO LOPEZ
 BALUANI PASTORIZA ESTEVEZ
 ADRIANA PATIÑO DOMINGUEZ
 ESTEFANIA REGUEIRA SEIJAS
 PAULA DEL RIO ESTEVEZ
 ELIA SANTOS NOVAS
 LUCIA TORRES GARCIA



BALONMÁN-NENOS

4º, EQUIPO A.

JUAN ALVAREZ MARTINEZ
 ALBERTO CORREDOIRA MARTINEZ
 ABRAHAN DOPAZO GARCIA
 MARKO GARCIA PALANYSAMY
 RODOLFO MARTINEZ RIVAS
 JAVIER OTERO MATILLA
 MOISES VILARIÑO CORRALES

6º.

MIGUEL GAMALLO PASTORIZA
 MARIO GOMEZ COMESAÑA
 JAIME OTERO MALVIDO
 M. ANGEL REIRIZ PIÑEIRO
 IVAN SEVILLA PIEDRAS
 AVELINO SOTO MARTINEZ
 JOSE MANUEL VILAS OTERO
 MANUEL VILLAR PIÑEIRO

8º A e 8º B.

MARCOS FANDIÑO GARCIA
 MANUEL GERMADE MENDUIÑA
 IVAN GOMEZ MALVIDO
 JOAQUIN GOMEZ DE LA TORRE
 ELOY LOPEZ DOCAMPO
 DIEGO MARTINEZ COSTAS
 DIEGO MARTINEZ VIEITES
 N. TOMAS MENDEZ HERMESTO
 IVAN NOVAS PATIÑO

BALONMÁN-NENAS

4º.

MARIA CANOSA COSTAS
 GLORIA GONZALEZ MALVIDO
 ROSA Mª IGLESIAS REGUEIRA
 SILVIA MARTINEZ CANOSA
 ROSALIA MARTINEZ MARTINEZ
 BEATRIZ PATIÑO GARRIDO
 ALICIA POUSADA PORTO
 LORENA VILAS OTERO
 SANDRA LOPEZ FERRADAS
 BARBARA LOPEZ GONZALEZ
 NEBEDA PIÑEIRO BARROS
 ESTEFANIA CORDEIRO BRION

6º.

MIRIAM FERRADAS CRUJEIRAS
 BRAYA GARCIA RODRIGUEZ
 REBECA GOLOBARDAS LOPEZ
 LAURA PIEDRAS DAVILA
 CARMELA PIÑEIRO FIEL
 DELIA RODRIGUEZ LOPEZ
 VANESA VIDAL POUSA

8º C.

BEATRIZ OTERO LOPEZ
 ADRIANA PATIÑO DOMINGUEZ
 ESTEFANIA REGUEIRA SEIJAS
 PAULA DEL RIO ESTEVEZ
 ELIA SANTOS NOVAS
 LUCIA TORRES GARCIA





CROSS-BELUSO-97



CLASIFICACIÓN DOS NENOS DO C.P. DE BELUSO COLOCADOS ENTRE OS 10 PRIMEIROS

EDUCACIÓN INFANTIL, 3 ANOS.

- 1.-ANGEL TORRES
- 2.-CRISTIAN CHAPELA
- 3.-HUGO BACELAR
- 4.-MARCIAL GOLOBARDAS
- 5.-NEREA ROSAS
- 6.-BORJA GRAÑA
- 7.-ANGEL ALVAREZ
- 8.-LINO VILLANUEVA
- 9.-ANGELA GARCIA
- 10.-CARLOS OTERO



EDUC. INFANTIL, 4 ANOS.


- 1.-SANTIAGO COLMENERO
- 2.-ABRAHAN PARADA
- 3.-JULIAN SEVILLA
- 4.-VERONICA MARTINEZ
- 5.-ANDREA OTERO
- 6.-MIGUEL MARTINEZ
- 7.-SALVADOR BRION
- 8.-ANDREA POUSA
- 9.-SARA MARIÑO
- 10.-REBECA FANDIÑO

EDUC. INFANTIL, 5 ANOS.

- 1.-CARLOS FERRADAS
- 2.-ANDREA FERNANDEZ
- 3.-SHEILA BERNARDEZ
- 4.-DAVID FERNANDEZ
- 5.-ALBA FERREIRA
- 6.-JONATHAN VIDAL
- 7.-DIEGO FERRADAS
- 8.-JAVIER MARTINEZ
- 9.-DAMIAN GARCIA
- 10.-LAMBRI RODRIGUEZ

MINIBENXAMÍN FEMININO.

- 2.-ANGELA FERNANDEZ
- 4.-YANIRA BARREIRO
- 7.-LUA VILAS
- 9.-ANGELA OTERO
- 10.-EVA RIVAS



MINIBENXAMÍN MASCULINO.

- 3.-JAVIER MARIN

BENXAMÍN FEMININO.

- 4.-NEBEDA PIÑEIRO
- 8.-BARBARA LOPEZ

ALEVÍN MASCULINO.


- 2.-MANUEL VILLAR

INFANTIL MASCULINO.

- 1.-RICARDO ABALO
- 3.-DAMIAN DOMINGUEZ
- 6.-JOSE PIÑEIRO

INFANTIL FEMININO.

- 1.-EVA CABALLERO



PASATEMPOS

Xeroglífico: ¿Por onde cruzou Xosé?



Solución _____

A ¿Que é? _____

D
I
V
I
Ñ
A


Estou no mar e non me mollo,
estou no lazo e non me ato,
estou no aire e non caio,
estou na igrexa e non son santo.

A ¿Que é? _____

D
I
V
I
Ñ
A


Teño follas e non son árbore,
fáloche e non teño voz.
Se me abres, non me queixo,
adiviña ti quen son.

XEROGLÍFICO: ¿Que pescou Xosé?



Solución _____

XEROGLÍFICO: ¿Con quen vai no coche?



Solución _____

A ¿Que é? _____

D
I
V
I
Ñ
A

Unha copa redonda e preta.
Boca enriba está baleira
e boca abaixo está chea.

B	C	A	S	T	I	N	E	I	R	O
I	M	A	C	E	I	R	A	B	S	C
D	H	F	R	E	I	X	O	M	A	P
U	L	A	A	B	R	U	O	B	L	I
E	M	C	G	O	A	H	X	R	G	Ñ
I	R	O	C	M	B	L	A	O	U	E
R	B	C	O	E	D	E	L	F	E	I
O	R	I	E	R	U	O	L	O	I	R
G	S	A	B	U	G	U	E	I	R	O
H	N	O	G	U	E	I	R	A	O	I

Localiza dez nomes de árbores nesa
sopa de letras e escríbeos. Pódense
atopar en calquera dirección.

RUMORES ... RUMORES



CORREN RUMORES... de que no inverno o patio cuberto vaise convertir en piscina.

CORREN RUMORES... de que hai que facer 5 simulacros de incendio ó ano para lavar o colexio.

CORREN RUMORES... de que no colexio hai moitos rapaces que se chaman Ánxel, pero ningún tén pinta de bo.

CORREN RUMORES... de que ó porteiro, polo seu cumpleaños, vanlle regalar un reloxo antiatraso.

CORREN RUMORES... de que agora vannos mandar as notas á casa por fax.

CORREN RUMORES... de que Cervantes escribiu un libro chamado "La Gitanilla".

CORREN RUMORES... de que os muros do patio do colexio son da marca "Gruller".

CORREN RUMORES... de que un profe do colexio recibiu unha oferta do Deportivo da Coruña para substituir a Songo'ó.

CORREN RUMORES... de que os de 1º da E.S.O. nunca chegarán a 8º.

CORREN RUMORES... de que as palmeras do ano pasado eran máis frescas cas deste ano.

CORREN RUMORES... de que os de 1º da E.S.O. irán á excursión do INSERSO.

CORREN RUMORES... de que o Concello de Bueu é da muller do Alcalde.



CORREN RUMORES... de que o porteiro tén uns zapatos de PLATA-FORMA.

CORREN RUMORES... de que os rapaces do colexio estudian moito, pero...¡só son rumores!.

CORREN RUMORES... **CORREN RUMORES...** **CORREN RUMORES...**



ÁNHEL FOLE
Ánxel Fole
[Signature]